



"TODO PÚBLICO ESCOLAR" PROGRAMACIÓN DE TEATRO PARA CENTROS ESCOLARES

CURSO 2026/2027. PRIMAVERA 2026

PROGRAMACIÓN PARA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

- Cada grupo deberá estar acompañado, polo menos, por unha persoa responsable do centro.
- A programación de **educación infantil** está pensada para escolares **a partir dos 5 anos**.
- **A capacidade máxima** será de 300 espectadores/as (incluído o profesorado); ou o que estipule a lexislación sanitaria vixente en cada momento.

En función das características do espectáculo e do nivel dos/as escolares, pódese producir unha redución da capacidade da sala.

ENTRADAS

Prezo do billete de entrada: 2,00 € por alumna/o para o alumnado de todos os niveis; e gratuíta para o profesorado acompañante.

RETIRADA E ABOAMENTO DAS ENTRADAS

1. As entradas deben ser retiradas e aboadas, no prazo que se asina no calendario que aparece a continuación.
2. No caso de que non se faga o pago no prazo estipulado, adxudicaránselle as entradas a outro centro escolar que estea na listaxe de agarda.
3. As entradas recolleranse no Forum Metropolitano, **con cita previa** (chamando ao teléfono 981 184 297). Recoméndase o pagamento mediante tarxeta de crédito.
4. No momento de aboaren as entradas, poderase reducir o número de reservas ou aumentalas se quedan prazas vacantes.
5. Permitiranse un **máximo dun 10% de devolucións** (sobre as resevas feitas polo centro nun primeiro momento), sempre e cando non excedan de 10 entradas por función e centro. **O importe será devolto ao termo da función.** No caso de que fosen aboadas con tarxeta de crédito haberá que presentala.
6. A factura seralle enviada ao centro escolar posteriormente á función.

ACCESO AO FÓRUM METROPOLITANO

En autobús, acceda desde a Avda de Oza en sentido baixada para chegar á rúa Rio Monelos. Desta forma, os grupos baixarán na beirarrúa, diante do Forum.

Recoméndase que o alumnado acceda ao edificio pola rampla ata a porta principal.

INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS RESPONSABLES DOS GRUPOS

A experiencia acumulada na programación de espectáculos de teatro para grupos escolares puxo de manifesto que a asistencia a un espectáculo será máis proveitosa e, polo tanto, con máis valor educativo se antes do espectáculo se fai un TRABALLO DE SENSIBILIZACIÓN PREVIO.

BENVIDAS/OS AO TEATRO!

Unha persoa representante da organización recibirá os grupos na entrada do edificio, indicarlles onde deben sentar no auditorio, permanecerá na sala en todo momento, organizará a saída ordenada e intentará solucionar as posibles incidencias que se poidan presentar.

PAUTAS A SEGUIR PARA QUE O ESPECTÁCULO SEXA UN ÉXITO

- Vimos todas/os divertirnos e desfrutar do teatro, **sen esquecer respectar sempre o traballo das persoas que están no escenario e na sala. Debemos seguir as instrucións do persoal de sala en todo momento e actuar con responsabilidade.**
- **A hora indicada na entrada é a hora de inicio da función.** É aconsellable chegar ao Forum con 10 ou 15 min de antelación.
- Agradécese que a entrada e saída do edificio sexa en orde e no maior silencio posible, para evitar molestar ás persoas usuarias e traballadores do Forum.
- Todas as persoas que asistan ao espectáculo accederán ao auditorio portando cada unha a súa entrada.
- Unha vez que comece o espectáculo, non se permitirá o acceso ao auditorio.
- Por seguridade, hai que deixar libres os corredores e as portas de emerxencia do auditorio.
- **Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.**
- **Non está permitido comer nin beber (excepto auga) no auditorio.**

MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS

Realizarase limpeza e ventilación do auditorio antes e despois de cada función.

Por parte dos centros escolares, esperamos que actúen con responsabilidade.

PROGRAMACIÓN:

TEATRO PARA EDUCACIÓN INFANTIL (5 anos) E EDUCACIÓN PRIMARIA

Espectáculo	Compañía	Nivel educativo	<i>Fechas</i>	Horario	Duración	Fecha tope de abono
PUM! PUM! QUÉN HAI?	Ártika (Galicia)	2º y 3º ciclo EP	13 febrero 2026	10.00 y 12.00 h	50 min	6 febrero 2026
CARNAVAL ANIMAL	Arlequina (Galicia)	El (5 años) - 1º ciclo EP	27 febrero 2026	10.00 y 12.00 h	45 min	20 febrero 2026
BERENGUELA NA GAIOLA	Galeatro e Xarope Tulú (Galicia)	2º y 3º ciclo EP	27 marzo 2026	10.00 y 12.00 h	50 min	20 marzo 2026
TEATRO DE PAPEL	Rauxa Cía (Cataluña)	El (5 años) - 1º ciclo EP	24 abril 2026	10.00 y 12.00 h	45 min	17 abril 2026
AS PALABRAS PERDIDAS	Inventi Teatro (Galicia)	El (5 años) - 1º ciclo EP	15 mayo 2026	10.00 y 12.00 h	45 min	8 mayo 2026
MR. BO	Marie de Jongh (País Vasco)	2º y 3º ciclo EP	29 mayo 2026	10.00 y 12.00 h	50 min	22 mayo 2026

TODOS OS ESPECTÁCULOS SERÁN NO **FORUM METROPOLITANO**



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

PUM!, PUM!, QUEN HAI? de Ártika (Galicia)

13 febreiro 2026 – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a 2º e 3º ciclo de Educación Primaria



Teatro de animación, comedia musical

Gaia, unha nena moi inquieta, comparte con nós o xogo máis xogado da súa aldea, mentres nos explica a tolemia que asolou na súa aldea a primeira vez que chegaron veciños novos.

Unha divertida comedia musical onde cantarás, bailarás e rirás a esgalla coa Tia Maruxa e a súa graza natural e con don Rosmón e..., digo, Don Ramón e... a súa arte de rosmar.

Duración: 50 minutos

Espectáculo en galego

Autor, director e adaptador: Ártica SL

Coreografía: Rocío Salgado

Elenco: Marcos Alonso, Fernanda Barrio, Rocío Salgado



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CARNAVAL ANIMAL de Arlequina (Asturias)

27 febreiro 2026 – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a Educación Infantil (5 anos) e 1º ciclo de Educación Primaria



Teatro de sombras e físico

Unha fábula sobre a solidariedade e a empatía narrada sen palabras e acoompañada pola alegre música de Camile Saint-Saëns. Crean así pezas que son poesía, que relatan historias visuais e musicais enmarcadas no teatro das sombras utilizando diversas tecnoloxías que van das máis tradicionais ás máis experimentais.

Duración: 47 minutos

Autoría: Patricia Toral, Chantal Franco, Blanca del Barrio

Dirección: Blanca del Barrio

Elenco: Patricia Toral, Chantal Franco



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

BERENGUELA NA GAIOLA de Galeatro e Xarope Tulú (Galicia)

27 marzo 2026 – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a 2º e 3º ciclo de Educación Primaria



Teatro físico

Nunha residencia da terceira idade, tres anciás deciden representar a través do teatro o que non lles deixan facer na realidade: ser libres. Así comeza a representación da peza: “Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela”, onde cadaquén escolle o/a personaxe que quere representar. Irán entrando e saíndo das escenas, debatendo, interrompendo o desenvolvemento da peza, xogando coma nese pasado que crían esquecido porque aconteceu moitos anos atrás, na ilusión da nenez..

Duración: 50 minutos

Espectáculo en galego

Autoría e dirección: Paula Carballeira

Elenco: Alba Bermúdez, Atenea García e Tone Martínez

*Esta coprodución de Galeatro e Xarope Tulú, con dramaturxia e dirección de Paula Carballeira e dirixida a público familiar **gañou a cuarta edición do Certame Manuel María de Proxectos Teatrais.**

TEATRO DE PAPEL de Rauxa Cía (Cataluña)

24 abril 2026 – 10.00 e 12.00 h

Dirixida Educación Infantil (5 anos) e 1º ciclo de Educación Primaria



Teatro de papel e físico

Teatro de papel é unha persoa na súa soidade, é unha festa sen festexo, un monodialogo onde a imaxinación alixeira o peso da soidade para dar paso a un mundo poético e onírico. É unha pausa, un erro nun sistema acelerado. É un momento suspendido no tempo no que o Mundo se detén e a poesía danza.

Duración: 45 minutos

Idea orixinal: Rauxa Cía

Escritura e dirección: Xavi Sánchez e Analía Serenelli

Elenco: Xavi Sánchez

*Espectáculo de circo contemporáneo que, a través da manipulación de obxectos, o clown, o teatro físico e unha bagaxe de monicreques extraordinarios, busca reivindicar o poder da imaxinación.

AS PALABRAS PERDIDAS de Inventi Teatro (Galicia)

15 mayo 2026 – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a Educación Infantil (5 anos) e 1º ciclo de Educación Primaria



Teatro físico, comedia

A Condesa Colorada e o seu axudante Leocadiof son viaxeiros chegados dende moi lonxe. A Condesa, unha coñecida contadora con fama internacional, dispónse a narrar o seu relato preferido pero, ao abrir o libro, cae na conta de que o seu conto está cheo de buracos. Faltan palabras moi importantes, palabras como “ganapán”, “vagalume” ou “verme”. As palabras fuxiron da historia, borradas por falta de uso. Só utilizándoas de novo volverán ao conto.

Duración: 45 minutos
Espectáculo en galego

Autoría e dirección: Bea Campos
Elenco: Bea Campos, Marcos Alonso

***As palabras perdidas** é un espectáculo de teatro versátil que se adapta a un espazo interior ou exterior. Unha proposta que anima a falar galego dun xeito divertido, dinámico e moderno e que pon en valor o idioma, os ditos e as historias de Galicia. Os asistentes aprenderán a nomear en galego conceptos sinxelos como os números, as cores e os hábitos cotiáns. Con todo, tamén coñecerán palabras que se atopan máis agochadas.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

MR. BO de Marie de Jongh (País Vasco)

29 mayo 2026 – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a 2º e 3º ciclo de Educación Primaria



Espectáculo xestual e de máscara. Sen texto

Os tres serventes están afeitos a cumprir con todo o que di o Sr. Bo. Levan toda a vida ás súas ordes, dende que era un neno. Ás veces imaxínanse o que podía ser o mundo se eles fosen os amos, o que é ter o poder nas súas propias mans e non depender de ninguén máis. Tamén xogan asumindo o rol do señor mentres os demais se fan pasar polos seus servidores.

Cando o Sr. Bo era neno, os serventes, tiveron a oportunidade de dicir “Non”, pero non o fixeron, e Bo exerceu a hexemonía durante anos. A súa relación é moi servizal, de dependencia, pero nun momento dado xorde unha nova oportunidade de dicir: “Non”

Duración: 50 minutos

Autoría e dirección: Jokín Oregi

Elenco: Ana Martínez, Ana Meabe, Javier Renobales, Anduriña Zurutuza